

SISTEMAS PRODUCTIVOS EN EXPLOTACIÓNS BOVINAS

O artigo 3 do Real decreto 1053/2022, do 27 de decembro, polo que se establecen normas básicas de ordenación bovina (BOE núm. 312, do 29.12.2022), determina que todas as explotacións bovinas de produción-reproducción (producción de leite, produción de carne, produción mixta (leite/carne), recría de xovencas e cebadeiros) deben clasificarse polo seu sistema produtivo.

Os distintos sistemas produtivos posibles son os seguintes:

1. **EXPLOTACIÓN EXTENSIVA**: aquela na que os animais non están aloxados dentro dunha instalación de forma permanente e, para a súa alimentación utilizan a maior parte do tempo unha base territorial con aproveitamento de pasto ou recursos agroforestais, complementando o pastoreo con achegas de materias primas vexetais ou pensos, en función das condicións climáticas e a dispoñibilidade de pastos.
2. **EXPLOTACIÓN SEMIEXTENSIVA**: aquela que non podendo considerarse extensiva, dispón dunha base territorial á súa disposición cuxo aproveitamento realízase con base en pastoreo de xeito rutineiro durante un número significativo de horas, conforme á práctica habitual de manexo da explotación, dependendo principalmente dos recursos dos pastos e das condicións climatolóxicas.
3. **EXPLOTACIÓN NON EXTENSIVA**: aquela que non se poida clasificar como extensiva ou semiextensiva. Os animais presentes atópanse permanentemente dentro dunha instalación gandeira e sen acceso a pastos de alimentación.

Indicar que esta última categoría de explotación non extensiva, correspóndese co que anteriormente entendíase como explotación intensiva.